



Raiigalme

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIONS POPULARES

Novembro de 1996

nº 3



ESCOLA PROVINCIAL DE DANZAS • AGRUPACIÓN CASTRO FLOXO



A noite do San Xoán na illa de Ons

Celestino Pardellas de Blas

“Madrugada do San Xoán, madrugada a máis garrida, que baila o sol cando nace é rí cando morre o día.”

Murguía

Fondeada na entrada da Ría de Pontevedra e defendéndoa contra todo tipo de adversidades atlánticas, atópase a Illa de Ons.

Ons, pola suma de tódolos seus rasgos históricos, etnográficos, arquitectónicos, naturais,... está considerada coma a Illa máis interesante de todo o litoral peninsular e a súa Comunidade, coma unha das máis significativas da nosa Cultura Popular.

Unha data importante dentro do Calendario Festivo da Illa de Ons,

ó igual que en toda Galicia, era a Noite de San Xoán, noite de troulada e cantigas, pero sobre todo de rituais onde a auga, o lume e certas plantas, acadan unha transcendencia cáseque máxica.

En Ons, estes tres elementos Auga, Lume e Plantas, forman un trío inseparable na véspera, á noite e no día de San Xoán.

Á véspera, pola tardiña, no monte, as veigas e os camiños, enchíanse de mulleres á procura das herbas e follas coas que arranxa-las chamadas "Herbas do San Xoán". Era un rito a facer en tódalas casas, a muller máis vella da familia era a encargada de saír ó monte a recoller tódalas herbas necesarias, logo limpábanas ben e metíanse, preferentemente no pote da lareira ou de cobre onde

se cocía a polbo, e senón, nun caldeiro ou tina, e enchíase de auga recollida de varias fontes, as máis perto da casa, por último botábase un dente de allo. (O allo era moi empregado contra as "Meigas" na Illa).

O pote deixábase toda a noite ó orballo, para, ó día seguinte e sen quita-las herbas, lavarse toda a familia.

Se había nenos na casa, era costume lavalos enteiros con esa auga pois era boa para a pel e protexíalos dos meigallos e do mal de ollo.

Logo, as herbas, quitábanse do pote, faciase con elas un manoxo e poñíanse a secar para ser aproveitadas en toda clase de remedios, contra os malos ollos, para espantar ás bruxas, para poñer na porta da casa e protexela contra todo mal,....

Mentras os maiores andaban á procura das herbas, os máis xóvenes xuntábanse para facer e prepara-las fogueiras. Había unha



Mítico "Burato do Inferno", na banda sur-leste da Illa de Ons.

forte loita entre as distintas barriadas illáns, (os do Norte: Melide, Laberco, Cucorno, os do Centro: Chan da Pólvora, Caño, Curro, e os do sur: Canexol e Pereiró.), por conqueri-la fogueira máis grande.

Contan os máis vellos, que na noite de San Xoán, as súas fogueiras eran albiscadas, polo Sur desde Baiona e polo Norte desde Santa Uxía de Riveira.

Por desgracia, os illáns eran homes e mulleres afeitos a elas, pois nos invernos de forte temporal e cando non había inda ningún barco a motor na Illa, se

alguén caía enfermo e tiña, pola súa gravidade, que ser trasladado a terra, facían nas pequenas embarcacións coñecidas por "Dornas", desafiando o temporal.

Mentras, na Illa, todos ficaban na praia de Area dos Cans agardando que dende terra, na Punta Udra na Península do Morrazo ou no Cabicastro na Península do Salnés, se encendera a fogueira coa que sabían que o enfermo e os tripulantes da Dorna chegaran con vida. Despois dende o lugar coñecido por Chan da Pólvora, os illáns con outra fogueira contestábanlles para que souberan que se enteraran da chegada.

Tamén pola tardiña da véspera do San Xoán, as mozas ían a cantar por tódolos barrios ó son do pandeiro, visitando ós mozos que facían as fogueiras. Din que eran interminables os desafíos que se armaban entre mozos e mozas das distintas barriadas.

Á noite, ás 12, prendíanse as fogueiras e escomenzaba a festa con cantigas ó son do pandeiro que remataban en desafíos a modo de verdadeiras gogueifas.

Ás 12 tamén, era hora de ir a buscar á praia os bochos (tipo de alga) para curar ós meniños que, dicían, estaban enmeigados. O

xeito de facelo era o seguinte: había que ir a unha zona da praia onde houbera os bochos, logo os ían recollendo ó paso por riba deles dunha onda, tiñan que pasar nove ondas, despois, na mañá do San Xoán, metíase o neno enmeigado nunha artesa, ben lavadiño coa auga do San Xoán, e botábase por riba del os pés do bocho e así tiña que estar, polo menos, dez minutos.

Rematada a farria e cando todos xa estaban a durmir, os mozos adicábanse a facer todo tipo de falcatruadas, entre as que destacamos por ser peculiar da Illa de Ons, a de irlle a mexar ós potes,

que se poñían ó orballo coas herbas, a todos aqueles que se esquencían de agachalos ben.

A noite de San xoán era unha noite máxica, onde non só as persoas recibían beneficios, tamén os animais, plantas e apeiros de traballo aproveitábanse desta misteriosa noite enfeitizada.

Para rematar, dicir que a economía illán dependía do mar, por iso cando non se pescaba, dicían que a Dorna estaba embruxada. Cando isto ocurría, chamábase a un bruxo de terra e o día por sinalado ás nove da noite, viña

para barear-la dorna enmeigada, preferindo para elo empregar-lo ramo seco das herbas do San Xoán da familia propietaria da dorna.

“ A Illa de Ons é, entre as das Rías Baixas, a que maior interés desperta, pola súa amplitude, historia, riqueza do solo, situación comprometida perto da Lanzada, pero destacando, sobre todo, pola súa riqueza etnográfica, nacida da soledade da súa Comunidade.”

Salustiano Portela Pazos

Dornas polbeiras, varadas na praia. Praia das Dornas (Illas de Ons).





**Vicente Risco describe-
nola como vestida de
moitas cores, cun cinto
de chocas e unha pelica
e unha sorte de montei-
ra. Completariase o
cadro cunha vara ou
fusta na man.**



CARMEN VIDAL LÓPEZ

Técnico de cultura do Concello de Allariz.